

## Informe sobre o apelido *\*Bugeiro*

A forma castellanizada *\*Bugeiro* (e a variante *\*Bujeiro*) é con probabilidade o resultado dunha forma autóctona *Buxeiro*, sobrenome ou apelido toponímico, pois hai no Nomenclátor de Galicia os lugares de *Buxeiros de Arriba* e *Buxeiros de Abaixo*, en Sarandón, Vedra, e *O Buxeiro, A Buxeira* e *Buxeiros* na microtoponimia doutros concellos.

Este apelido *Buxeiro* é aparentemente un derivado do substantivo *buxo* ‘arbusto de follas perennes e de madeira dura’, co sufixo *-eiro*. Como sobrenome podería referirse ás persoas que traballan a súa madeira ou comercian coa ela e, como topónimo -dado que *buxo* e *buxeiro* (Elixio Rivas recolle a palabra, p. ex. en Marín) son variantes para denominar o arbusto- seguramente indica un sitio onde hai un ou varios exemplares (tamén *Os Buxos* é frecuente na toponimia menor). Non obstante, non se pode descartar que o topónimo *Os Buxeiros* conteña o apelido dos fundadores do lugar.

Con distintas grafías, rexístrase como segundo nome en Galicia polo menos desde o séc. XVI: *Pedro Buxeiro* (Vilastrofe, Cervo) ano 1563, *María Buxeira* (Redondela) ano 1694, *Luís Bujeiro* e a súa filla *Manuela Bujeiro*, da Ponte Arcediago (Santiso) ano 1846.

As atestacións antigas reflicten que estaba bastante espallado polo territorio, pero na actualidade é un apelido característico das comarcas máis nor-occidentais de Galicia e Cee é o concello de máis portadores das dúas variantes *\*Bugeiro* e *\*Bujeiro*. Nese concello parecen estar asentadas polo menos desde o século XVIII, xa que no catastro do marqués de la Ensenada figuran varios veciños co apelido grafado como *Buxeiro* ou *Bugeiro*.

